

# UNIDADE

# 7

## A comedia

### ÍNDICE DE CONTIDOS

1. LINGUA
  - 1.1. OS PRONOMES INTERROGATIVOS
  - 1.2. OS PRONOMES RELATIVOS
  - 1.3. A ORACIÓN DE RELATIVO
2. LITERATURA. A COMEDIA
  - 2.1. DEFINICIÓN DE COMEDIA
  - 2.2. COMEDIA ANTIGA
  - 2.3. COMEDIA MEDIA
  - 2.4. COMEDIA NOVA
3. TEXTOS

Nesta unidade no apartado de "Lingua" estúdanse os pronomes interrogativos e relativos e a oración de relativo. No de "Literatura" complétase o estudo do teatro cunha visión xeral das etapas da comedia grega. A través dos "Textos" móstranse sinxelos exemplos das actividades máis importantes que realizaban os gregos na súa vida cotiá.

# 1. Lingua

## 1.1. Os pronomes interrogativos

Utilízase o interrogativo para facer unha pregunta directa acerca dunha das funcións da oración. O noso descoñecemento pode afectar ao suxeito da oración (*quen vén?*), ao complemento directo (*a quen viches?*), ao complemento do nome (*de quen son estes libros?*) ou a calquera outro elemento da oración.

### I. Pronomes interrogativos directos

En grego existen pronomes e adxectivos interrogativos específicos para as oracións interrogativas directas. Son interrogativos directos: τίς, que ten dúas formas: unha para o masculino e feminino τίς *quen?* e outra para o neutro τί *que?*, e declínase como un tema en nasal da terceira declinación (véxase o Apéndice gramatical); ποῖος, ποία, ποῖον *cal?* e πότερος, πότερα, πότερον *cal* (entre dous), que se declinan como un adxectivo da segunda e primeira declinación; πόσος, πόσα, πόσον *canto, canta?* e πηλίκος, πηλίκη, πηλίκον *de que idade?, canto de grande?*, que se declinan tamén como un adxectivo da segunda e primeira declinación.

Τί τῶν ἀνελπίστων καί ἀπροσδοκῆτων ἐφ' ἡμῶν οὐ γέγονε;

*Que acontecemento inesperado e imprevisto non sucedeu no noso tempo?*

Existe en grego unha construción específica de oración interrogativa directa na que o pronome é complemento dun participio, que se debe traducir en forma persoal facendo depender del a oración en forma persoal do grego con sentido de finalidade:

Τί ἰδὼν τὸν Κριτόβουλον ποιοῦντα ταῦτα κατέγνωκας αὐτοῦ;

*Que viches facer a Critóbulo para acusalo disto?*

Τί ἂν ποιοῦντες οἱ Ἀθηναῖοι ἀναλάβοιεν τὴν ἀρχαίαν ἀρετήν;

*Que deberían facer os atenienses para recobrar o seu antigo valor?*

Deste tipo son tamén construcións como τί παθῶν...; *Que sucedeu para...?*; τί μαθῶν...; *De que te decataches para...?*

Τί παθῶν ἀδικεῖς τὴν πατρίδα;

*Que che sucedeu para danar a túa patria?*

### II. Pronomes interrogativos indirectos

Os pronomes interrogativos indirectos introducen oracións interrogativas indirectas simples nas que se pregunta polo suxeito, complemento directo, indirecto, ou calquera outra función da oración substantiva, na que se formula unha soa pregunta. Son interrogativos indirectos: ὅστις, ἥτις, ὃ τι *quen, que*; ὁποῖος, ὁποία, ὁποῖον; ὁπότερος, ὁπότερα, ὁπότερον *cál* (entre dous); ὁπόσος, ὁπόση, ὁπόσον *canto* e ὁπηλίκος, ὁπηλίκη, ὁπηλίκον *de que idade*.

Ἄλλ' ἀνάγκη ἐκ τεκμηρίων καὶ ἡμᾶς διδάσκειν καὶ ὑμᾶς δικάζειν, ὁπότεροι τάληθῃ λέγουσιν.

*Pero é necesario que nós o demostramos a partir dos testemuños e que vós xulguedes cal dos dous di a verdade.*

## 1.2 Os pronomes relativos

Como se sabe, o principal pronome relativo grego é:

- ὅς, ἥ, ὃ *que, quen, cal*.

Συνέπεμψεν αὐτῇ στρατιώτας οὓς Μένων εἶχε.

*Enviou con ela os soldados que tiña Menón.*

A partir deste pronome creáronse ademais:

- ὅσπερ, ἥπερ, ὅπερ *o que precisamente ou precisamente o que* (relativo reforzado coa partícula περ), que engade un matiz enfático ao pronome relativo.

Ὁ Δερκυλίδας, ὅσπερ πάλαι πολέμιος ἦν αὐτῷ, ἐν Ἀβύδῳ ἦν.

*Dercelidas, precisamente o que un día foi inimigo seu, estaba en Abido.*

- ὅστις, ἥτις, ὃ τι *que, calquera que* (relativo máis o indefinido τις), para referirse a un antecedente de significado xeral ou impreciso.

Οὗτος προσέρχεται ἐνὶ ἐκάστῳ οὕστινας ᾧετο ἔχειν τι δοῦναι τῷ βασιλεῖ.

*Este achégase un por un aos que (a calquera que) cría que tiñan algo que dar ao rei.*

- ὅσος, ὅση, ὅσον *canto*, para expresar a cantidade do antecedente.

Ἐν μὲν γὰρ ταῖς ἄλλαις πόλεσι πάντες χρηματίζονται ὅσον δύνανται.

*Pois nas demais cidades todos se enriquecen canto (todo o que) poden.*

- οἷος, οἷα, οἷον *cal* utilízase para precisar a calidade do antecedente.

Σταύρωμά τ' ἐποίησαντο καὶ τάφρον οἷαν ἐδύναντο πρὸ αὐτῶν.

*Fixeron diante deles unha estacada e un foxo como puideron.*

A estes aínda se lles poden engadir algúns, como ὅπόσος *canto*, ὅποῖος *cal* e ὅσοσπερ *tan grande*.

## 1.3. A oración de relativo

A oración de relativo é un recurso das linguas para cualificar ou determinar de xeito complexo a un substantivo doutra oración, por iso lle chamamos tamén oración adxectiva.

Εἰς δόμον ἀνὴρ ἵκεται, ᾧ τὸ βιβλίον δώσω.

*Chega á casa un home, ao que lle darei o libro.*

Nesta oración cualificamos mediante a oración ᾧ τὸ βιβλίον δώσω introducida polo relativo ᾧ ao antecedente deste, é dicir, ao substantivo ἀνὴρ. Polo tanto, dado que entre eles hai unha relación de substantivo - adxectivo, ámbolos dous han de concordar en xénero e número, pero como están en oracións distintas e exercen funcións sintácticas distintas -ἀνὴρ é suxeito e ᾧ, complemento indirecto-, non poden concordar en caso.

### I. Atracción do relativo

A función adxectiva da oración de relativo é tan forte que, a pesar do dito antes, en determinados casos (cando o antecedente está en xenitivo ou dativo), o pronome que debería estar en acusativo por ser CD pasa a concordar co seu antecedente tamén en caso; é o que se coñece como atracción do relativo.

Ἐκέλευσαν τὸν Τελευτίαν σὺν ταῖς δώδεκα ναυσὶν αἷς εἶχεν ἐν τῷ κόλπῳ.

*Mandaron a Teleutías coas doce naves que tiña no golfo.*

Nesta oración o antecedente do relativo αἷς é σὺν ταῖς δώδεκα ναυσὶν, que está en dativo porque é un complemento circunstancial, e o pronome, que, como complemento directo de εἶχεν, debería estar en acusativo, púxose tamén en dativo, atraído polo antecedente, para facelo concordar con el en xénero, número e caso, como calquera adxectivo.

Se o pronome non fose atraído ao caso do antecedente, a frase sería:

Ἐκέλευσαν τὸν Τελευτίαν σὺν ταῖς δώδεκα ναυσὶν ἃς εἶχεν ἐν τῷ κόλπῳ.

*Mandarón a Teleutías coas doce naves que tiña no golfo.*

En resumo, a atracción do relativo supón a plena concordancia do pronome co seu antecedente en xénero, número e caso.

## II. Oracións de relativo especificativas e explicativas

Polos matices semánticos e sintácticos que poden presentar, ademais da determinación do antecedente, as oracións de relativo poden ser especificativas ou explicativas.

- As **oracións especificativas** distinguen o substantivo antecedente dos demais da súa clase ou especie.

Ὑμῖν ἐκπέρσαι Πριάμου πόλιν δοῖεν ἱ θεοὶ οἱ Ὀλύμπια δώματ' ἔχουσιν.

*Que os deuses que posúen pazos olímpicos vos concedan destruír a cidade de Príamo.*

Aquí o relativo οἱ determina ao substantivo θεοὶ distinguíndoo de calquera outro deus que non viva no Olimpo.

As oracións especificativas forman unha unidade inseparable coa principal e poden substituírse por un participio atributivo, que é precisamente como aparece en Homero a frase anterior.

Ὑμῖν μὲν θεοὶ δοῖεν Ὀλύμπια δώματ' ἔχοντες ἐκπέρσαι Πριάμοιο πόλιν.

*Que os deuses que posúen olímpicos pazos vos concedan destruír a cidade de Príamo.*

Estas oracións adoitan omitir o antecedente cando é un demostrativo.

Así, na frase:

Δημαγωγὸν λέγω τόνδε ὃν σὺ εὐεργέτην λέγεις.

*Chamo eu demagogo a este a quen ti chamas benefactor.*

o antecedente do relativo ὃν é o demostrativo τόνδε, que queda omitido na frase:

Δημαγωγὸν λέγω ὃν σὺ εὐεργέτην λέγεις.

*Chamo eu demagogo a quen ti chamas benfeitor.*

- As oracións explicativas sinalan unha calidade ou circunstancia do antecedente, polo que poden expresar tamén matices de oración circunstancial. A relación deste tipo de oración de relativo coa principal non é tan forte como as anteriores. A omisión da oración de relativo non afecta ao sentido da frase principal.

Οἱ Ἕλληνες ἐτίμησαν Θουκυδίδην ὃς τὸν πόλεμον τῶν Πελοποννησίων καὶ Ἀθηναίων συνέγραψε.

*Os gregos honraron a Tucídides, que escribiu a guerra entre peloponesos e atenienses.*

Neste exemplo a oración de relativo ὃς τὸν πόλεμον τῶν Πελοποννησίων καὶ Ἀθηναίων συνέγραψε expresa unha calidade do substantivo antecedente Θουκυδίδην cun matiz cau-

sal, pero a oración de relativo pode suprimirse sen que por iso se vexa afectado o sentido da principal

Οἱ Ἕλληνες ἐτίμησαν Θουκυδίδην.

*Os gregos honraron a Tucídides.*

✓ Realiza a πράξις 1

## 2. Literatura. A Comedia

### 2.1. Definición de comedia

Unha comedia grega é unha representación dramática e lírica -alternan elementos propiamente dramáticos (diálogos e accións) e líricos (cantos do coro)-, cuxo tema é cómico, e os seus personaxes son unha mestura de modelos literarios tomados da vida cotiá e de personaxes reais, que son obxecto de burla, a eles poden engadirse tamén figuras da mitoloxía, personaxes fantásticos ou personificacións cómicas. A comedia é, pois, o xénero por excelencia da vida diaria.

Da súa orixe di Aristóteles que tivo lugar nos entoadores dos cantos fálicos (φαλλικά), coros de danzaríns que levaban en procesión un falo e que, segundo o filósofo, aínda eran habituais na súa época en distintas cidades. O nome de comedia (κωμῳδία) procede de κῶμος, cortexo de seguidores de Dioniso, que honraban ao deus mediante manifestacións carnavalescas. *Comedia* significa, pois, *canto dun cortexo dionisiaco*.

A comedia incorporouse aos festivais dionisiacos de Atenas en 486 a.C. e quedou vinculada á festa das Leneas cara ao ano 442 a.C. Celebrábase esta festa no mes de Gamelión (xaneiro-febreiro) e nela rendíase a Dioniso un culto anterior ao procedente de Eleuterias celebrado nas Grandes Dionisias, que era a festa das traxedias.

Ao longo da súa historia a comedia pasou por tres etapas diferentes: *comedia antiga*, *comedia media* e *comedia nova*.

### 3.2. Comedia antiga

Con comedia antiga désígnanse as comedias representadas en Atenas no século V a.C. De todas estas obras as únicas que se conservaron completas pertencen a Aristófanes, e delas as dúas últimas (*Asembleístas* e *Pluto*) son xa do século IV a.C. O tratamento dos temas é con frecuencia dunha sátira moi violenta contra persoas e institucións. Tamén son abundantes as obscenidades, que formaban parte dos primitivos ritos da fertilidade.

Como a traxedia, comeza cun **prólogo** dialogado en que se presenta o problema. Adoita ser máis amplo que o das traxedias, xa que os temas míticos da traxedia eran en xeral coñecidos polo público, en tanto que o novidoso dos temas cómicos obrigaba a unha maior información.

Segue a entrada do coro, **párodo**, na orquestra cun ton caótico e desenfadado: o coro, como un personaxe máis, ponse a favor ou en contra do protagonista.

O **agón** (enfrentamento) é a parte onde dous actores discuten o tema central da obra. Remata cunha escena ou dúas, marcadas por intervencións cantadas do coro.

A **parábase**, cuxo nome significa avance (de παραβαίνω *avanzar*), era un trazo característico da comedia antiga. O coro, sen máscara, diríxese ao público para expoñer un tema alleo á comedia.

Seguía á parábase unha serie de **episodios** separados por breves cantos do coro que ás veces continúan a liña da trama principal.

O **éxodo** marcaba o fin da obra. Nel interveñen os actores protagonistas do agón, derrotado un e vitorioso o outro, e o coro, que aclama a este e abandona a escena danzando, precedido polo vencedor.

O poeta máis coñecido da comedia antiga é Aristófanes, que naceu en Atenas cara a mediados do século V a.C. (450-440). Compuxo unhas corenta comedias, das que se conservan títulos e fragmentos de case todas, e once completas. Os *Acarnienses* (425), unha sátira contra a guerra do Peloponeso; nos *Cabaleiros* (424) a crítica vai contra Cleón (demagogo ateniense) e a democracia. As *Nubes* (423) é unha dura invectiva contra Sócrates; nas *Avespas* (422) ridiculiza Aristófanes a administración de xustiza; a *Paz* (421) é, de novo, unha alegación contra a guerra; nas *Aves* (414) ofrécenos unha humorística representación de como os volátiles se apoderan do lugar de residencia dos deuses; en *Lisístrata* (411) as mulleres rexeitarán aos seus maridos mentres manteñan as súas simpatías pola guerra; nas *Tesmoforias* (411) o branco das burlas é o poeta Eurípides; as *Ras* (405) é unha xocosa sátira contra a creación literaria; nas *Asembleístas* (392) as mulleres toman as rendas do poder, pola ineptitude dos homes para gobernar. Finalmente, *Pluto* (388) é unha crítica á inxusta repartición da riqueza.

Destaca en Aristófanes a súa gran capacidade para inventar argumentos enxeñosos, para os chistes verbais e as situacións cómicas. A súa sátira é política nas primeiras comedias e dela non quedan libres nin deuses nin homes, nin o antigo nin o novo, pero despois da revolución da oligarquía de 411 vólvese cara á literatura, a filosofía e, ao final, cara á crítica social. O tipo de personaxe que máis lle gusta recrear é o ateniense maduro cunha mestura de rústica inxenuidade e astucia, que remata triunfando nas súas absurdas aventuras.

### 3.3. Comedia media

Co nome de comedia media coñécese a creada en Atenas entre 400 e 323 a.C. aproximadamente. Hoxe non queda dela practicamente nada. As obras deste período pasaron a ocuparse de temas máis cosmopolitas; desapareceu a parábase, reduciuse drasticamente o papel do coro e desapareceu o vestiario grotesco. Así mesmo, perdéronse, ou apenas tiveron importancia, os temas e comentarios políticos, que foron substituídos polas sátiras contra distintos tipos sociais: a cortesá, o militar, o namorado, etc.

### 3.4. Comedia nova

Chamamos comedia nova á que se representaba en Atenas entre 323 e 263 a.C. aproximadamente. Os temas desta comedia son exclusivamente privados, modérase a ridiculización persoal e téndese á creación de tipos fixos: o mozo namorado, o escravo listo ou o soldado farfallán. Estas comedias aparecen xa divididas en cinco actos separados por intervalos corais carentes de importancia.

O representante máis coñecido da Comedia nova é Menandro, que naceu no seo dunha rica familia ateniense cara ao ano 341 a.C. Foi un poeta precoz, pois dise que representou a súa primeira comedia, *A cólera*, no ano 322 a.C. e que gañou con ela o primeiro premio. Foi considerado o mellor creador de comedias despois de Aristófanes. Morreu no 290 a.C.



Compuxo un centenar de comedias das que só se conserva completa o *Misántropo* (aparecida nun papiro de Exipto no ano 1958), coa que gañou o premio en 316 a.C. A trama xira ao redor dun vello desconfiado e rabechudos, Cnemón, que se opón á voda da súa filla cun mozo, Gorxias, a quen rexeita, ata que queda desconcertado cando, ao caer a un pozo, o mozo lle axuda a saír del; ao final é levado á forza ás festas nupciais. Pan, deus dun santuario veciño, pronuncia o prólogo e pon en marcha o sinxelo enredo.

Menandro soubo xuntar elementos trágicos con cómicos para crear unha nova comedia de costumes. Ampliou o número de personaxes. A súa comedia caracterizábase por unha ironía e unha lección moral amables. As comedias de Menandro foron repostas en Atenas despois da súa morte e adaptadas á escena romana por Plauto e Terencio, por medio dos cales exerceron unha profunda influencia na literatura moderna europea.

Deste período conservamos tamén fragmentos de Filemón e Dífilo.

✓ Realiza a πράξις 2

## TEXTO 1

### A EDUCACIÓN DUNHA ESPOSA



Escena familiar nunha estela funeraria do século IV a.C.

Unha das funcións da muller grega consistía en levar a organización da casa. Cando, unha vez casada, ía vivir á casa do marido, este ensináballe todo o necesario para desempeñar tan importante función.

Ἐγὼ μὲν οὐδαμῶς ἔνδον<sup>1</sup> διατρίβω. Καὶ γὰρ δὴ τά ἐν τῇ οἰκίᾳ μου πάννυ καὶ αὐτὴ ἡ γυνή ἐστίν ἱκανὴ διοικεῖν<sup>2</sup>.

“Αὐτὸς<sup>3</sup> ἐπαίδευσας τὴν γυναῖκα ὥστε ἱκανὴν εἶναι ὧν προσήκει ἐπιμελεῖσθαι;” ἔφη ὁ Ἰσχόμαχος, “πρὶν γε καὶ ἔθυσας<sup>4</sup> καὶ ἠϋξάμην ἐμέ τε τυγχάνειν<sup>5</sup> διδάσκοντα καὶ ἐκείνην μαθάνουσιν τὰ βέλτιστα ἀμφοτέροις ἡμῖν” ...

XENOFONTE, *Económico* 7.3-7

<sup>1</sup>Sobreenténdese τῆς οἰκίας. | <sup>2</sup>Ten valor final. | <sup>3</sup>Refírese ao suxeito de ἐπαίδευσας, σύ. | <sup>4</sup>Intransitivo, *facer sacrificios*. | <sup>5</sup>Inf. con valor final, que forma sintagma con διδάσκοντα, *para que puidese ensinar*.

### Actividades:

1. A que tipo de presentes corresponden os verbos: ἐπαίδευσας, ἠϋξάμην, τυγχάνειν, διδάσκοντα, μαθάνουσιν?
2. Cal é a función sintáctica de μου? Quen é o suxeito de ἔθυσας?
3. Que tipo de dativos son ἀμφοτέροις e ἡμῖν, e a quen se refiren?
4. Traduce o texto.
5. Segundo o texto, cal é a función doméstica da muller.

## TEXTO 2

### O COMPORTAMENTO DOS ESCRAVOS ATENIENSES

Os gregos libres, polo menos en Atenas, vestían igual que os escravos, ou viceversa, cousa que deu lugar a algúns cambios nos costumes.

Τῶν δούλων δ' αὖ καὶ τῶν μετοίκων πλείστη ἐστὶν ἐν Ἀθήναις ἀκολασία, καὶ οὔτε πατάξαι ἔξεστιν<sup>1</sup> αὐτόθι οὔτε παραχωρήσεται σοι ὁ δοῦλος. Ἐσθῆτα τε γὰρ οὐδὲν βελτίων ὁ δῆμος αὐτόθι ἢ οἱ δοῦλοι καὶ οἱ μέτοικοι καὶ τὰ εἶδη οὐδὲν βελτίους εἰσὶν. Ἐῶσι τοὺς δούλους τρυφᾶν αὐτόθι καὶ μεγαλοπρεπῶς διαιτᾶσθαι ἐνίοις.

PSEUDO XENOFONTE, *República dos atenienses* 1.10

<sup>1</sup>é posible.

#### Actividades:

1. Que tipo de dativo é ἐν Ἀθήναις?
2. Cal é o segundo termo da comparación de βελτίων?
3. Que función sintáctica ten τοὺς δούλους?
4. Traduce o texto.
5. Deduce do texto o comportamento dos escravos noutras cidades distintas de Atenas.